

Código Ético do Grupo Tragsa



Índice

DECLARACIÓN DO PRESIDENTE.....	5
TITULO I. OBXECTIVO E ÁMBITO DE APLICACIÓN	7
TITULO II. NORMAS DE CONDUTA.....	10
Capítulo I. Normas Xerais	10
Capítulo II. Normas Sociais	11
Capítulo III. Normas Laborais	13
Capítulo IV. Normas Ambientais	17
Capítulo V. Normas Económicas	18
Capítulo VI. Normas de Comunicación Estratéxica.....	21
Capítulo VII. Comisión de Goberno, de Responsabilidade Corporativa e de Prevención de Riscos Penais	22

DECLARACIÓN DO PRESIDENTE

O Grupo Tragsa, dentro do seu compromiso continuo coa transparencia, o bo goberno corporativo, a ética empresarial e a cultura de cumprimento normativo, desenvolveu os últimos anos, en tanto que medio propio instrumental personificado das administracións públicas, un modelo de negocio baseado no cumprimento da legalidade, servizo público de calidade, integridade, profesionalidade e tolerancia cero coa comisión de delitos no ámbito empresarial que o puxeron á cabeza do sector público nesta materia.

Dentro das súas Políticas de Responsabilidade Social Corporativa, a prevención de riscos penais foi unha máxima, adaptando en todo momento o seu modelo de prevención aos cambios legislativos e organizativos existentes. Por ese motivo, xa no ano 2012 aprobouse un primeiro Código Ético que foi obxecto de modificación no ano 2015, e que agora se modifica de novo para dar cumprimento ás novas realidades e ós cambios normativos no seo da organización que precisan unha adecuación de todos os documentos que conforman o modelo de prevención de riscos penais. En esencia, a presente actualización contempla unha mellora no Goberno Corporativo do Grupo separando as actividades propias da xestión empresarial do mesmo, que se desenvolve a partir da Alta Dirección, do control de legalidade que debe recaer no Consello de Administración ou en órganos conformados por este e oportunamente delegados sen relación directa coa actividade diaria do Grupo.

Froito dos antecedentes anteriormente expostos, o presente Código establece un conxunto de principios e pautas de conduta dirixidos a garantir o comportamento ético e responsable de todos os profesionais do Grupo no desenvolvemento da súa actividade. Así mesmo, pretende determinar os valores e boas prácticas que deben rexer a conduta do Grupo empresarial no seu conxunto, en concreto TRAGSA e as súas filiais, e igualmente a conduta de todas aquelas persoas vinculadas a esta empresa de maneira directa e indirecta, no cumprimento das súas funcións e nas súas relacións profesionais, e todo sobre a base da RSC, partindo do rexeitamento absoluto a toda conduta ou comportamento que non sexa eticamente responsable, ou que infrinxa a normativa vixente mediante a comisión de calquera acto ilícito.

A visión estratéxica empresarial adoptada no código pretende cubrir os obxectivos da RSC, é dicir, a adopción dun enfoque máis solidario a todos os niveis co contorno que rodea á empresa –solidariedade ética, social, ambiental, económica–, e integrar estratexias con respecto a aqueles outros obxectivos que non son puramente económicos. Así mesmo, pretende concienciar a todos os empregados do Grupo, e aos grupos de interese, da importancia de manter unha conduta que non só respecte estritamente a legalidade vixente, senón que contribúa ao desenvolvemento dunha sociedade máis transparente e íntegra,

establecendo os mecanismos de actuación ante irregularidades ou comportamentos inadecuados que puideran detectarse.

Neste sentido, non pode obviarse a calidade das sociedades do Grupo Tragsa como medios propios instrumentais e servizos técnicos da Administración Xeral do Estado, das Comunidades Autónomas, das Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, dos Cabidos e Consellos Insulares, das Deputacións Forais do País Vasco, das Deputacións Provinciais e das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poderes adjudicadores, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no punto 2º da letra d) do apartado 2 do artigo 32, e nas letras a) e b) do apartado 4 do mesmo artigo, de forma que, como empresa integrante do sector público español, o seu obxectivo é seguir a desenvolver a súa actividade, coa mesma calidade e vocación de servizo con que vén actuando desde a súa constitución hai máis de corenta anos e, ao mesmo tempo, converterse nun referente de actuación ética, non só no ámbito nacional, senón tamén no ámbito internacional.

O Grupo Tragsa, como consecuencia do seu ámbito de actuación, puido acadar un coñecemento profundo dos problemas ambientais e sociais existentes na actualidade, tanto dentro como fóra das nosas fronteiras, despertando unha nova visión de como debe xestionarse a empresa dunha maneira máis integral e completa, aportando creatividade e innovación, solidez aos valores e á cultura empresarial, reforzando a súa estratexia e reputación, e garantindo un comportamento socialmente responsable.

En definitiva, o obxectivo que persigue o Grupo Tragsa é acadar a RSC mediante o uso dunha ferramenta denominada «Código Ético», a cal vai facilitar a adopción de todas aquelas accións tendentes a mellorar a calidade de vida, a reforzar o diálogo coa Administración e a desenvolver unha xestión racional dos recursos, adoptando procesos de produción sostibles, tendentes a velar polo contorno e pola conservación da natureza.

TITULO I. OBXECTIVO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Obxecto

O presente Código ten por obxecto a integración das preocupacións sociais, éticas e do medio ambiente nas políticas da empresa, mellorando, para iso, a aplicación da normativa social e ambiental vixente, intimamente ligada coa actividade da empresa, coa finalidade de lograr unha maior eficacia e calidade empresarial.

Este Código Ético determina a misión, visión e valores do Grupo, e serve de guía para todos aqueles profesionais que teñan relación co Grupo, dentro dun ambiente empresarial complexo e variable.

O Código Ético recolle o compromiso do Grupo cos principios da ética empresarial e a transparencia en todos os ámbitos de actuación, establecendo un conxunto de principios e pautas de conduta dirixidos a garantir o comportamento ético e responsable de todos os profesionais do Grupo no desenvolvemento da súa actividade.

O Grupo Tragsa aplica o principio de dilixencia debida para a prevención, detección e resolución de condutas irregulares relacionadas con actos ilícitos penais ou de calquera outra natureza, comprometéndose, entre outros, a analizar regularmente os riscos neste ámbito, a asegurar que os empregados coñecen os riscos existentes, a definir responsabilidades no referente ao cumprimento do Código, e a establecer unha canle que permita a comunicación e rápida resolución de irregularidades cometidas no ámbito da empresa. A compañía puxo en marcha os procedementos oportunos que lle permiten dar resposta ás posibles irregularidades.

Este Código Ético é de obrigado cumprimento. Todos os empregados do Grupo Tragsa están obrigados a coñecer e cumprir co Código Ético e a comunicar, facendo uso da canle que a compañía pon á súa disposición, as prácticas contrarias ao Código, e as normas que puideran observarse. A tal efecto, a compañía estableceu un procedemento que permite aos seus empregados comunicar, de maneira confidencial, as irregularidades ou malas prácticas observadas dentro do ámbito empresarial. Así mesmo, será de obrigado cumprimento para órganos encomendantes, provedores e colaboradores que deberán adherirse ao mesmo para poder prestar os seus servizos.

Artigo 2. Actuación do Grupo Tragsa como medio propio e servizo técnico

O Grupo Tragsa, de acordo cos obxectivos perseguidos na súa constitución e definidos no seu réxime xurídico, executa as actuacións que lle encargan as entidades das que é medio propio, coa máxima profesionalidade para lograr os máis altos niveis de calidade e satisfacción do interese público.

Así mesmo, a máxima das sociedades integrantes do Grupo de atender as necesidades das entidades das que é medio propio con rigor e calidade transmitiuse a todos os seus traballadores, aos que se esixe o desenvolvemento das súas obrigacións profesionais en termos que permitan obter a excelencia na execución da súa actividade.

A tal efecto, o Grupo Tragsa leva a cabo un esforzo especial para a actualización e posta ao día dos coñecementos técnicos dos seus empregados que, en última instancia, lles permitan anticiparse aos intereses e necesidades das súas entidades que realizan encargos ao Grupo Tragsa na súa condición de medio propio das administracións públicas e das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poderes adjudicadores, e ser un referente nos ámbitos nos que desenvolve a súa actividade.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

O Código Ético obriga a todos os profesionais do Grupo, con independencia do seu nivel xerárquico e do seu emprazamento xeográfico, considerándose profesionais do Grupo os empregados e membros dos órganos de xestión, administración e dirección de todas as entidades que forman parte do mesmo, estean ou non en territorio nacional.

Os empregados da totalidade do Grupo a quen lles sexan de aplicación adicionalmente outros Códigos de conduta por estar situados noutros países, deberán aceptalos e cumprilos. Exclusivamente, na medida en que estes regulamentos e normas internas establezan obrigacións máis rigorosas que as recollidas neste Código Ético, serán de aplicación preferente ás aquí previstas.

Artigo 4. Efectos

Co presente Código Ético preténdese facilitar a todos os seus destinatarios o coñecemento dos estándares de conduta que deberán observarse ou respectarse, así como que os seus directivos e conselleiros difundan a cultura ética empresarial pretendida con este código, de cara a xerar unha maneira de traballar na que non se produzan condutas eticamente reprochables, e en caso de producirse, se dispoñan e coñezan as ferramentas para

comunicalas aos órganos encargados da súa investigación e erradicar así calquera comportamento contrario aos valores que aquí se expresa.

TITULO II. NORMAS DE CONDUCTA

Capítulo I. Normas Xerais

Artigo 5. Cumprimento normativo

Todos os empregados do Grupo Tragsa deberán cumprir a legalidade vixente sexa cal sexa o lugar ou emprazamento no que leven a cabo a súa actividade e presten os seus servizos, respectando sempre os usos e costumes, tanto a nivel nacional como internacional.

Do mesmo xeito, o Grupo respectará os compromisos e obrigacións adquiridos nas súas relacións con terceiros, a nivel nacional e internacional.

Todos os directivos do Grupo deberán coñecer a lexislación que afecte aos seus ámbitos laborais de actividade e servizos, e asegurarse de que os seus empregados cumpran as leis e regulamentos, e que reciban a adecuada información e formación que lles permita entender e cumprir con esas obrigacións.

A actuación do Grupo Tragsa parte da premisa de rexeitamento de toda conduta que poida ser contraria á legalidade vixente, estando dotada dos procedementos e mecanismos internos tendentes a minimizar riscos, entre eles o risco de comisión de delitos.

O Grupo respectará e acatará as resolucións xudiciais ou administrativas que se ditén, pero resérvase o dereito a recorrer, ante cantas instancias sexa oportuno, as referidas decisións ou resolucións cando as entenda non axustadas a Dereito e contraveñan os seus intereses.

O Grupo Tragsa está comprometido coa aplicación de políticas internas e medidas que cumpran os principios de protección de datos desde o deseño e por defecto, desde a seguridade da información como principio, tratando os datos persoais de empregados, clientes, provedores e demais interesados de modo que se garanta a dispoñibilidade, integridade e a confidencialidade adecuadas, así como a rastrexabilidade e autenticidade, incluída a protección contra o tratamento non autorizado ou ilícito e contra a súa perda, destrución ou dano accidental, mediante a aplicación das medidas técnicas ou organizativas apropiadas.

Artigo 6. Cumprimento dunha conduta profesional íntegra

A conduta dos empregados do Grupo deberá ser profesionalmente íntegra, actuando de maneira responsable, produtiva, eficiente, leal e honrada, e suxeitos ao principio de confidencialidade. Todo isto de conformidade cos intereses do Grupo e os termos do presente Código, de modo que calquera actuación que realicen estea baseada en catro premisas

básicas: (i) que a actuación sexa eticamente aceptable; (ii) que sexa legalmente válida; (iii) que sexa desexable para a Sociedade e o Grupo; e (iv) que estea disposto a asumir a responsabilidade sobre ela.

Artigo 7. Protección polos traballadores dos medios materiais postos a disposición pola empresa

O Grupo Tragsa pon a disposición dos seus empregados os recursos necesarios para o desempeño da súa actividade profesional.

Os traballadores deben protexer e facer un bo uso dos recursos do Grupo e utilízalos de forma responsable, debendo protexelos de calquera perda, dano, roubo ou uso inadecuado do que puideran derivarse prexuízos para os intereses do grupo.

Os bens do Grupo deben ser usados para o desempeño das funcións dos traballadores, e non poderán ser utilizados en beneficio propio ou de terceiros alleos ao Grupo.

O Grupo establecerá os criterios de utilización dos dispositivos dixitais respectando en todo caso os estándares de protección da súa intimidade e protección de datos, de acordo cos usos sociais e os dereitos recoñecidos constitucional e legalmente. Garantiranse os dereitos dixitais que resulten aplicables.

En particular, con relación aos sistemas informáticos, os traballadores non farán uso dos equipos da compañía para instalar programas ou aplicacións cuxa utilización sexa ilegal ou poidan danar a imaxe ou prexudicar a reputación do Grupo. Tampouco farán uso dos mencionados equipos para acceder, descargar ou distribuír contidos que poidan resultar ofensivos ou ilegais, ou que puideran provocar calquera tipo de dano ou prexuízo a datos, programas informáticos ou documentos electrónicos alleos, ou obstaculizaran ou interromperan o funcionamento dun sistema informático alleo.

Capítulo II. Normas Sociais

Artigo 8. Bo crédito do Grupo Tragsa

O Grupo velará para que as entidades que realizan encargos ao Grupo Tragsa na súa condición de medio propio das administracións públicas e das entidades do sector público dependentes de calquera de elas que teñan a condición de poderes adxudicadores, así como os seus provedores e profesionais externos vinculados non poidan danar ou afectar negativamente ao prestixio do Grupo.

Do mesmo modo, prestará a atención debida ao uso que se faga do nome do Grupo Tragsa por parte de entidades que realizan encargos ao Grupo Tragsa na súa condición de medio propio das administracións públicas e das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poderes adxudicadores, así como por provedores e profesionais externos, co obxecto de que sexa o correcto e adecuado á imaxe e identidade corporativas.

O Grupo non participará en comentarios negativos ou actividades dirixidas a prexudicar a profesionais ou organizacións externos, sen prexuízo da defensa dos intereses lexítimos que lle correspondan.

Artigo 9. Compromiso cos dereitos humanos e laborais

O Grupo queda comprometido cos dereitos humanos e laborais recoñecidos na lexislación nacional e internacional.

O Grupo respecta a liberdade de asociación e negociación colectiva, e os dereitos nacionais daqueles países onde preste os seus servizos ou leve a cabo a súa actividade, comprometéndose a valorar as diferenzas existentes en cada un dos ámbitos nos que actúe, en canto elemento enriquecedor da súa actividade e da sociedade.

Artigo 10. Principio de non discriminación e igualdade de oportunidades

O Grupo promove a non discriminación por razón de raza, nacionalidade, orixe social, idade, sexo, estado civil, orientación sexual, ideoloxía, opinións políticas, relixión ou calquera outra condición persoal, física ou social dos seus profesionais, así como a igualdade de oportunidades entre os mesmos.

O Grupo promoverá a igualdade de trato entre mulleres e homes no referente ao acceso ao emprego, á formación e á promoción de profesionais, e ás condicións de traballo.

O Grupo prohibe expresamente o abuso de autoridade y calquera tipo de acoso, xa sexa de tipo físico, psicolóxico ou moral, así como calquera outra conduta que poida xerar un ambiente de traballo intimidatorio, ofensivo ou hostil para as persoas. En caso de sufrir unha situación de acoso ou coñecer a súa existencia, esta deberá ser posta en inmediato coñecemento da Comisión de Goberno, Responsabilidade Corporativa e Prevención de Riscos Penais, a través da canle de denuncias (buzonetico@tragsa.es) nos termos que se establecen no Capítulo VII do presente texto e nos protocolos que se desenvolvan a tal efecto.

Artigo 11. Confidencialidade da información

O Grupo deberá protexer os seus intereses en canto á confidencialidade da información interna, con pleno respecto do dereito á protección de datos persoais desde o deseño e por defecto. Ao mesmo tempo, deberá velar polo adecuado equilibrio entre esta confidencialidade e a debida comunicación interna, co obxectivo de fomentar a integración e unidade dentro do Grupo.

Extremaranse as cautelas respecto ao uso de información confidencial allea, asegurando que a mesma se obteña de forma legal e por medios plenamente lexítimos, respectando as condicións de confidencialidade.

O deber de confidencialidade respecto da información deberá manterse incluso unha vez o profesional cese nas súas funcións dentro do Grupo.

Capítulo III. Normas Laborais

Artigo 12. Conciliación da vida familiar coa actividade laboral

O Grupo respecta a vida persoal e familiar dos seus empregados, e promoverá as políticas de conciliación que faciliten o mellor equilibrio entre estas e as responsabilidades laborais dos mesmos.

Artigo 13. Dereito á intimidade e protección de datos persoais dos empregados

O Grupo respecta o dereito á intimidade dos seus empregados, en especial no referente a datos de carácter persoal, médicos e económicos, utilizando os mesmos de acordo cos principios de licitude, lealdade, transparencia e minimización, empregándose o seu tratamento de acordo cos fins lexítimos establecidos. No se poderán tratar ou ceder datos persoais a terceiros, salvo consentimento expreso ou clara acción afirmativa dos interesados, ou naqueles casos nos que o esixa o cumprimento dunha obrigaón contractual ou legal, ou o cumprimento de resolucións xudiciais ou administrativas, ou existira outra base legal que o fundamenta.

A Dirección do Grupo cumprirá os requirimentos previstos na lexislación de protección de datos de carácter persoal respecto das comunicacións que lle remitan os traballadores e profesionais vinculados á empresa, así como outros interesados.

Garantirase en materia de datos persoais o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, portabilidade, así como a limitación ás decisións individualizadas, e o

exercicio das reclamacións que poidan ter lugar ante o Delegado de Protección de Datos ou a Autoridade de Control.

Artigo 14. Seguridade e saúde no traballo

El Grupo dispoñerá de políticas de seguridade e saúde no traballo, adoptando as medidas necesarias e preventivas para diminuír os accidentes e enfermidades laborais.

Os empregados observarán con especial atención as normas relativas a seguridade e saúde no traballo co obxectivo de prever e minimizar os riscos laborais.

O Grupo promoverá a aplicación, polos contratistas cos que opere, das súas normas e políticas en materia de seguridade e saúde no traballo. Polo seu lado, nos pregos aprobados polos órganos de contratación do Grupo Tragsa, en relación coas obrigacións dos contratistas en materia de seguridade e saúde no traballo, incluíranse como condición esencial de execución dos contratos.

Artigo 15. Selección e avaliación dos empregados do Grupo

O Grupo, na selección dos seus empregados, actuará con pleno respecto aos principios aplicables á protección de datos persoais. Nos procedementos terá en conta unicamente os datos académicos, persoais e profesionais en relación ás necesidades do Grupo, sen perder en ningún momento a obxectividade na elección, contemplando nos procesos selectivos os principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade.

O Grupo avaliará aos seus profesionais de forma rigorosa e obxectiva, atendendo ao seu desempeño profesional individual e colectivo, e á súa produtividade.

Artigo 16. Políticas de formación

O Grupo promoverá a formación continua dos seus empregados, de maneira obxectiva e atendendo ás necesidades da empresa en cada momento, favorecendo sempre o desenvolvemento da carreira profesional e a igualdade de oportunidades.

Artigo 17. Participación

O Grupo promoverá o apoio, asistencia e participación activa dos seus empregados en calquera actividade que pretenda canalizar o intercambio de coñecementos.

Artigo 18. Ambiente de traballo

Os empregados propiciarán un ambiente de cooperación e de colaboración que contribúa a facilitar a consecución dos obxectivos da empresa, creando e fomentando un entorno de traballo positivo.

Artigo 19. Independencia

Os empregados deberán ser imparciais e manter a independencia de criterio no marco da súa actividade no Grupo, actuando con integridade e obxectividade.

En caso de que o empregado coñeza calquera circunstancia que puidera menoscabar a súa imparcialidade ou independencia, deberá informar á Comisión de Goberno, de Responsabilidade Corporativa e de Prevención de Riscos Penais a través do Compliance Officer, co fin de permitir arbitrar medidas que resolvan o posible conflito de intereses.

Artigo 20. Conflitos de interese

Considerarase que existe conflito de interese naquelas situacións nas que entren en colisión, de maneira directa ou indirecta, o interese persoal do profesional, ou dunha persoa con el vinculada, e o interese de calquera das sociedades do Grupo.

As decisións profesionais deberán estar baseadas na mellor defensa dos intereses do Grupo, de forma que no estean influenciadas por relacións persoais ou de familia, ou por outros intereses particulares dos profesionais do Grupo.

O profesional que tivese coñecemento, con ocasión do desenvolvemento da súa actividade profesional na empresa, non poderá aproveitar oportunidades de negocio en beneficio propio ou de persoa a el vinculada, cando a inversión ou a operación tivese sido ofrecida ao Grupo ou este teña interese nela.

En relación cos posibles conflitos de interese, os profesionais do Grupo rexeranse polo disposto na Política de Conflitos de Interese, rexéndose polos principios xerais de independencia, abstención de intervención e comunicación ao seu superior ou á Comisión de Goberno, de Responsabilidade Corporativa e de Prevención de Riscos Penais, a través do Compliance Officer.

Artigo 21. Política de regalos e invitacións

En ningún caso os empregados do Grupo aceptarán, nin directa nin indirectamente, ningún tipo de prestación que, polo seu valor, puidera ter unha interpretación distinta do simple detalle de cortesía. En caso de dúbida, o profesional deberá consultar coa Comisión de Goberno, de Responsabilidade Corporativa e de Prevención de Riscos Penais, a través do Compliance Officer, sobre calquera atención que poida exceder a mera cortesía. A tal efecto, o Grupo leva a cabo unha Política de Regalos e Invitacións onde se establecen os correspondentes sistemas de rexistro e autorizacións. A citada política será oportunamente divulgada e de obrigado cumprimento para todo o persoal do Grupo.

Artigo 22. Corrupción e suborno

Os profesionais do Grupo non poderán, directamente ou a través de persoa interposta, ofrecer ou conceder, nin solicitar ou aceptar vantaxes ou beneficios non xustificados que teñan por obxecto inmediato ou mediato obter un beneficio, presente ou futuro, para o Grupo, para si mesmos ou para un terceiro. En particular, non poderán dar nin recibir calquera forma de suborno ou comisión, procedente de, ou realizado por, calquera outra parte implicada, como funcionarios públicos, españois ou estranxeiros, persoal doutras empresas, partidos políticos, autoridades, administracións públicas, provedores, subministradores e accionistas.

Nos actos de suborno, expresamente prohibidos, inclúese tamén o ofrecemento ou promesa, directa o indirecta, de calquera tipo de vantaxe impropia, calquera instrumento para o seu encubrimento, así como o tráfico de influencias. Tampouco se poderá recibir, a título persoal, diñeiro de administracións públicas, os seus poderes adxudicadores, órganos encomendantes ou provedores, nin sequera en forma de préstamo ou anticipo, todo con independencia dos préstamos ou créditos concedidos aos profesionais do Grupo por entidades financeiras que sexan órganos encomendantes ou provedoras do Grupo e que non estean implicadas nas actividades anteriormente expresadas.

O Grupo Tragsa entende a corrupción como o uso de prácticas non éticas para a obtención dalgún beneficio. A corrupción constitúe unha das categorías de fraude. En ningún caso as persoas do Grupo Tragsa recorrerán a prácticas non éticas para influír na vontade de persoas alleas á compañía co obxectivo de obter algún beneficio para o Grupo ou para elas mesmas. Tamén permanecerán alerta para que non se produzan casos nos que outras persoas ou organizacións fagan uso destas prácticas na súa relación coa compañía. A tal efecto, o Grupo desenvolverá unha Política específica de *Compliance* e antisuborno para regular en profundidade todas estas cuestións.

Nas súas relacións con autoridades e institucións públicas, os empregados do Grupo Tragsa comportaranse de forma lícita e en liña coas disposicións internacionais para a prevención da corrupción e o suborno.

O Grupo Tragsa prohíbe expresamente os pagamentos non contractuais ou ilícitos a calquera persoa ou entidade, pública ou privada, coa intención de obter ou manter negocios ou outros beneficios ou vantaxes, así como aproveitar a existencia de relacións persoais con funcionarios públicos para obter vantaxes indebidas.

Artigo 23. Réxime de incompatibilidades

No referente ao exercicio de actividades públicas ou privadas por parte dos empregados da empresa, débese ter en conta a lexislación sobre incompatibilidades. En particular, os empregados da empresa poderán exercer outras actividades nos termos previstos na Ley 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas, e na Ley 3/2015 de 30 de marzo, reguladora del exercicio de Alto Cargo de la Administración General del Estado, solicitando, cando sexa preciso, a declaración da correspondente compatibilidade.

Capítulo IV. Normas Ambientais

Artigo 24. Protección do medio ambiente

Todas as actividades do Grupo Tragsa deben realizarse da maneira máis respectuosa co medio ambiente, promovendo a adopción de medidas de prevención por todos os axentes que participen nas súas actuacións, e minimizando os efectos negativos que, eventualmente, puideran ocasionar as súas actividades.

As empresas do Grupo velarán por minimizar os residuos e os efectos da contaminación, conservar os recursos naturais, promover o aforro de enerxía, así como por realizar e patrocinar proxectos de investigación e desenvolvemento que fomenten a protección ambiental. O Grupo traballará para preservar, coidar e protexer o contorno, os recursos naturais e a biodiversidade, ofrecendo respostas ao que a sociedade e o medio ambiente necesitan, procurando o desenvolvemento do medio rural e mariño, cunha mellora constante nos nosos parámetros de calidade e minimización dos impactos ambientais, evitando a realización de verteduras ou a emisión ou introdución no aire, o chan ou as augas de materiais ou sustancias que poidan poñer en perigo a vida, a integridade, a saúde ou bens das persoas.

O Grupo Tragsa executará as súas actuacións garantindo a conservación dos recursos naturais, evitando calquera intervención non autorizable en territorios destinados a vías de comunicación, zonas verdes, bens de dominio público ou lugares que teñan legal ou administrativamente recoñecido o seu valor paisaxístico, ecolóxico, artístico, histórico ou cultural, ou que polos mesmos motivos teñan sido considerados de especial protección.

O Grupo colaborará coas autoridades para desenvolver e promover leis e regulamentacións que protexan o medio ambiente. Así mesmo, o Grupo fomentará o uso da tecnoloxía máis avanzada e menos contaminante, protexendo o medio ambiente natural, procurando a colaboración con outras empresas que presenten especial interese e iniciativas nestas materias.

O Grupo dará a coñecer esta política a entidades encargantes, provedores e outros profesionais externos cos que se relaciona, esixindo en todo momento o seu cumprimento. Neste sentido, Grupo Tragsa comprométese co establecido na Orden PCI/86/2019, de 31 de enero, por la que se publica el Acuerdo del Consejo de Ministros de 7 de diciembre de 2018, por el que se aprueba el Plan de Contratación Pública Ecológica de la Administración General del Estado, sus organismos autónomos y las entidades gestoras de la Seguridad Social (2018-2025).

Capítulo V. Normas Económicas

Artigo 25. Desenvolvemento da actividade

O Grupo Tragsa promoverá o desenvolvemento da súa actividade de maneira eficiente e competitiva, optimizando os recursos dos que dispón, sendo capaces de crecer e ser rendibles baixo o principio dunha xestión responsable.

O compromiso ético do Grupo, que inclúe principios e estándares básicos para o desenvolvemento adecuado das relacións entre a empresa e os seus principais grupos de interese (empregados, administracións, poderes adxudicadores, provedores, subministradores, subcontratistas, colaboradores e accionistas), terá en conta, entre outros obxectivos:

- a) A inversión socialmente responsable e o rendemento económico da empresa de acordo cos obxectivos fixados neste documento.
- b) A transparencia nas actividades empresariais

- c) Os informes sobre a política de responsabilidade social, coa inclusión de información social e ambiental nas memorias anuais e a publicación da memoria de sostibilidade do Grupo.
- d) A implantación dun modelo sólido de cumprimento normativo e prevención de riscos penais que poida evitar a incursión da empresa en procedementos penais que poidan supoñer danos económicos, financeiros ou á súa reputación.

O Grupo Tragsa, en atención á súa experiencia anterior, velará por mellorar a calidade das súas actuacións e a seguridade na execución das mesmas, realizando auditorías internas e externas que permitan unha mellora continua da súa actividade.

O Grupo Tragsa comprométese a que os ingresos derivados da súa actividade se obteñan conforme á normativa que lle é aplicable, rexeitando calquera práctica enganosa ou fraudulenta que lle permita obter unha axuda ou subvención, ou utilizar uns fondos públicos, nacionais ou estranxeiros, con prexuízo de terceiros, ou para fins distintos daqueles para os que foron creados.

Artigo 26. Veracidade da información económica financeira

O Grupo Tragsa garante a veracidade das súas contas, opoñéndose expresamente á manipulación das mesmas, actuando na crenza de que as contas deben transmitir unha información fiable e veraz da situación económica do Grupo, empregando todos os medios ao seu alcance para evitar que a información que se deriva da interpretación das súas contas poida xerar erro en quen as analiza.

A tal efecto, os traballadores do Grupo Tragsa con responsabilidade neste ámbito reflexarán con claridade e precisión as transaccións, poñendo especial coidado na introdución dos datos nos sistemas informáticos da compañía para asegurar a fiabilidade da información económica financeira.

Así mesmo, o Grupo Tragsa dispón dos mecanismos de control internos necesarios para evitar que a incorrecta actuación dos seus empregados poida dar lugar a unha alteración da situación económica do Grupo, ou da imaxe que terceiros poidan ter da mesma, que poidan provocar actos de disposición ou situacións de crise económica ou de insolvencia, en prexuízo de entidades públicas encargantes, provedores, acredores ou doutros traballadores.

Así mesmo, en cumprimento da recente lexislación aplicable ao efecto, garantirase a veracidade da información non financeira aportada.

Artigo 27. Cumprimento de obrigacións contables, tributarias e en materia de Seguridade Social

En consonancia coa preocupación do Grupo Tragsa de axustar todas as súas actividades ao cumprimento estrito do establecido na lexislación vixente, e asegurar a veracidade da información económica financeira, e a contribución das sociedades do Grupo ao interese común conforme ao disposto na lexislación tributaria e en materia de Seguridade Social, o Grupo cumpre coas súas obrigacións contables, tributarias e de Seguridade Social, puntualmente e con rigor, téndose establecido os procedementos internos necesarios para garantir evitar desviacións no funcionamento interno que poidan afectar ao cumprimento das obrigacións impostas con relación a estas materias.

Artigo 28. Branqueo de capital e irregularidades nos pagamentos

O persoal do Grupo Tragsa deberá prestar especial atención a aqueles casos nos que puideran existir indicios de falta de integridade das persoas ou entidades coas que a compañía mantén relacións.

En particular, prestarán especial atención aos pagamentos en metálico que resulten pouco comúns atendendo á natureza da operación, aos realizados mediante cheques ao portador ou a aqueles efectuados en divisas distintas da previamente acordada, comunicando a través das canles e procedementos establecidos neste Código Ético aqueles que entendan que puideran ser irregulares.

Tamén deberán permanecer alerta fronte aos pagamentos realizados a ou por terceiros non mencionados nos correspondentes contratos, así como aos realizados en contas que non sexan as habituais nas relacións cunha terminada entidade, compañía ou persoa.

Así mesmo, prestarán atención aos pagamentos realizados a persoas, compañías, entidades ou contas abertas en paraísos fiscais e a aqueles pagamentos realizados a entidades nas que non sexa posible identificar ao socio, propietario ou beneficiario último.

Artigo 29. Protección da propiedade intelectual e industrial

O persoal do Grupo Tragsa está comprometido coa protección da propiedade intelectual e industrial, das sociedades do Grupo e de terceiros, cumprindo escrupulosamente para iso as normas que rexen esta materia co obxecto de evitar infrinxir os dereitos ou causar danos ao Grupo ou a terceiros.

Capítulo VI. Normas de Comunicación Estratégica

Artigo 30. Comunicación e difusión do Código Ético

O Código Ético será comunicado e difundido entre os empregados e o persoal do Grupo mediante a súa inserción na intranet.

A difusión externa do Código Ético é responsabilidade da Dirección de Coordinación e Accións Institucionais, publicándose na páxina web do Grupo. Porén, todas as Direccións, no ámbito das súas competencias, contribuirán a aumentar esta difusión.

Con periodicidade anual, o Compliance Officer elaborará informes sobre o grado de cumprimento do presente Código. Os referidos informes serán incorporados á memoria anual de sostibilidade do Grupo Tragsa.

Artigo 31. Responsabilidade ante o cumprimento deste Código

O Grupo promoverá un alto nivel de compromiso dos empregados e o persoal no cumprimento deste Código Ético.

O Grupo Tragsa poñerá a disposición dos empregados e o persoal os medios necesarios para difundir e facer respectar os principios de actuación contidos no presente Código Ético.

Os posibles incumprimentos do Código Ético serán resoltos de acordo coa normativa aplicable. Os empregados do Grupo e terceiros comunicarán, confidencialmente e de boa fe, as actuacións contrarias ao Código Ético que puideran observar. Para iso utilizarán a canle de comunicación establecida pola sociedade, que permite ao seu persoal, empregados e terceiros, de maneira confidencial, consultar dúbidas e notificar condutas irregulares en materias, de índole penal ou de calquera outra, relativas ao Código Ético.

O Grupo Tragsa establece formalmente que non tolerará represalias cometidas sobre aquelas persoas que fagan uso dos procedementos establecidos para a comunicación de condutas irregulares en materias, de índole penal ou de calquera outra, relativas ao Código Ético. A Comisión de Goberno, de Responsabilidade Corporativa e de Prevención de Riscos Penais, ao igual que as direccións do Grupo ou outros órganos directivos correspondentes, cumprirán os requirimentos previstos na lexislación de protección de datos de carácter persoal respecto das comunicacións que lles remitan os profesionais de acordo co disposto no Código Ético. Este compromiso, en particular, formará parte das obrigacións inherentes aos postos de confianza e libre designación do Grupo Tragsa.

Calquera dúbida que poida xurdirlle ao empregado sobre a interpretación ou aplicación deste Código deberá remitirse ao Compliance Officer, como órgano dependente e habilitado para ese fin pola Comisión de Goberno, de Responsabilidade Corporativa e de Prevención de Riscos Penais. Así mesmo, esta Comisión deberá informar ao seu responsable xerárquico ou a través da canle de denuncias de calquera incumprimento ou vulneración das condutas recollidas neste documento que, no seu caso, se constituísen faltas laborais, serán sancionadas de acordo coas normas laborais vixentes, sen prexuízo doutras responsabilidades que puideran concorrer.

Artigo 32. Políticas de información

O Grupo Tragsa interpreta a Política de Responsabilidade Social Corporativa como un elemento diferenciador, unha maneira de xestionar a empresa máis integral e completa, e un reforzo da súa capacidade para realizar unha estratexia de comunicación e un esforzo de visibilización da súa imaxe reputacional. Para dar a coñecer esa nova visión estratéxica global velarase por comunicar as prácticas do bo goberno, tanto a niveis internos como externos, no marco da antes referida política de Responsabilidade Social Corporativa.

Para levar a cabo a xestión da comunicación, en particular a vinculada ao persoal propio do Grupo Tragsa, elaborárase unha planificación específica e, ademais, efectuarase unha publicidade responsable, procurándose así mesmo o mantemento dos certificados de calidade e medio ambiente existentes.

Artigo 33. Aprobación e modificación do Código Ético

A aprobación e modificación do presente Código corresponde ao Consello de Administración da Sociedade.

Capítulo VII. Comisión de Goberno, de Responsabilidade Corporativa e de Prevención de Riscos Penais

Artigo 34. Comisión de Goberno, de Responsabilidade Corporativa e de Prevención de Riscos Penais

A Comisión de Goberno, de Responsabilidade Corporativa e de Prevención de Riscos Penais ten por finalidade, entre outras e sen prexuízo das establecidas no Regulamento Interno do Consello de Administración e no seu Regulamento Interno:

- a) Fomentar a difusión, coñecemento e cumprimento do Código Ético.
- b) Interpretalo e orientar as decisións en caso de dúbida, así como arbitrar entre as partes cando existan interpretacións encontradas sobre os seus contidos.
- c) Facilitar unha vía de comunicación entre Directores, Persoal de Estrutura e o resto dos empregados para obter información acerca do seu cumprimento e aceptación.
- d) Realizar informes sobre o nivel de cumprimento do Código Ético, coas recomendacións e propostas de mellora oportunas que faciliten a súa aplicación.
- e) Xestionar a caixa ética.

Todas as funcións anteriormente descritas exerceranse contando coa colaboración do *Compliance Officer* de Grupo Tragsa

Artigo 35. O Compliance Officer no Grupo Tragsa

A Comisión de Goberno, de Responsabilidade Corporativa e de Prevención de Riscos Penais contará coa continua colaboración do Compliance Officer, cuxo posto dependerá funcionalmente daquela mentres que organizativamente terá unha adscrición directa á Presidencia do Grupo Tragsa a través da Dirección de Auditoría Interna. Este gozará de autonomía e independencia para o desenvolvemento das súas funcións, que se levarán a cabo nunha normativa reguladora propia. Para a investigación das denuncias, o Compliance Officer de Grupo Tragsa poderá contar coa colaboración dunha Unidade de Apoio, creada ao efecto en cada ocasión e formada por tres persoas da organización con recoñecida capacidade, traxectoria, honorabilidade y prestixio na materia en cuestión.

Artigo 36. Obrigacións dos traballadores do Grupo Tragsa respecto aos incumprimentos do Código Ético

Todos os empregados e o persoal do Grupo Tragsa terán a obrigaón de notificar á Comisión de Goberno, de Responsabilidade Corporativa e de Prevención de Riscos Penais, a través da

caixa ética xestionada polo Compliance Officer (buzonetico@tragsa.es), as vulneracións do presente Código Ético que teñan detectado.

Neste sentido:

- a) Os empregados teñen o deber de transmitir á Comisión de Goberno, de Responsabilidade Corporativa e de Prevención de Riscos Penais calquera noticia relativa á comisión ou á razoable posibilidade de comisión de calquera irregularidade, así como de calquera incumprimento ou vulneración das condutas recollidas no Código Ético do Grupo.
- b) As persoas que de boa fe formulen unha denuncia estarán protexidas contra calquera tipo de represalia empresarial.
- c) En todo caso, asegurárase a máxima confidencialidade, e incluso anonimidade, acerca da identidade da persoa que notifica, sen prexuízo das obrigacións legais e da protección dos dereitos correspondentes ás empresas e persoas acusadas inxustamente ou de mala fe.
- d) No suposto de que un empregado non cumpra coa súa obrigaón de comunicación á Comisión de Goberno, de Responsabilidade Corporativa e de Prevención de Riscos Penais, esta valorará a gravidade do risco derivado dese incumprimento, aos efectos de determinar se debe dar traslado do mesmo a quen competa a fin de determinar as consecuencias do incumprimento.

Artigo 37. Xestión da caixa ética

A Comisión de Goberno, de Responsabilidade Corporativa e de Prevención de Riscos Penais, a través do Compliance Officer, será o órgano encargado da xestión da caixa ética, así como da coordinación das investigacións internas que, no seu caso, se inicien, e de adoptar aquelas medidas que considere necesarias en cada caso con base ás conclusións da investigación. A empresa desenvolverá un Protocolo de actuación e decisión ante posibles actos ilícitos no Grupo Tragsa como procedemento para a admisión, traslado, investigación e resolución das denuncias cursadas a través da caixa ética.

En todo caso, a validez da proba obtida a través da canle de denuncias ou das eventuais actuacións da Comisión de Goberno, de Responsabilidade Corporativa e de Prevención de Riscos Penais seguirá os principios e dereitos constitucionais recollidos na lexislación española, tales como o dereito á tutela xudicial efectiva, o principio de presunción de

inocencia, o dereito a un proceso con todas as garantías e o dereito á protección de datos persoais.

A presente modificación do Código Ético do Grupo Tragsa foi aprobada polos Consellos de Administración de Tragsa e Tragsatec celebrados en Madrid o 28 de xaneiro de 2020.